

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIO ACCIDENTAL

D. JOSÉ MIGUEL CAAMAÑO ROMERO

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 31 de agosto de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de xullo de 2017.
2. Toma de coñecemento dos decretos da alcaldía emitidos no mes de xullo de 2017.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual con ordenación detallada do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía de Arousa (R.U. nº235) en parcela industrial sita na rúa os Martices, s/n.
5. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario 02/CE/2017, así como de cambio de finalidade de financiamento afectado 02/CF/2017.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos municipais PSdeG-PSOE, BNG, EU, SOMOS MAIORIA, e MIGUEL ALVES LAGO concelleiro non adscrito para a retirada do anteproxecto de reforma da Lei de Saúde de Galicia.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do BNG, para o mantemento da área sanitaria do Salnés.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE de apoio ao Concello de Cambados para albergar a sede do Consello Regulador do Albariño.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida de apoio ás reivindicacións dos parques de bombeiros do Salnés.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos municipais de Esquerda Unida e Somos Maioria para a incorporación do pazo de Meirás ao patrimonio público e a salvagarda da memoria histórica.

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12.- Mocóns presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Rogos e preguntas.

14. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE XULLO DE 2017..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 27 de xullo de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XULLO DE 2017: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XULLO 2017:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Concesión de prórroga para execución de obra
- 1 Concesión de prórroga para execución contrato de servizos
- 7 Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
- 2 Concesión de licenza para canalización
- 3 Aceptación desestímulo comunicación previa para realización de obras
- 4 Aceptación cambio titularidade para desenvolvemento de actividade
- 1 Concesión licenza para instalación de toldo
- 1 Concesión de legalización de rótulos
- 1 Dar conformidade a proxecto de execución
- 14 Concesión de licenza de obra
- 13 Concesión de licenza para instalación de terraza establecemento de hostelería
- 1 Requerimento para adaptación de instalación terraza conforme o autorizado
- 2 Orde de retirada de terraza de hostelería
- 6 Aceptación de comunicación previa e documentación para inicio e desenvolvemento de actividade
- 1 Declarar a innecesariedade de licenza municipal de obra.
- 22 Aceptación de comunicación previa e documentación para realización de obras ou instalacións
- 10 Expediente de reposición da legalidade urbanística
- 7 Requirimento presentación informe-ditame de seguridade elementos exteriores da edificación
- 1 Aprobación inicial proxecto urbanización
- 1 Aprobación inicial proxecto equidistribución
- 1 Aprobación inicial estudo de detalle
- 3 Orde de limpeza de parcela
- 13 Autorización para celebración de bailes e verbenas populares gratuítos
- 5 Autorización para celebración de concertos e actuacións ao aire libre
- 7 Iniciar procedemento sancionador por infracción de horario de peche de locais
- 3 Incoación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos de persoal
- 8 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 5 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 1 Aprobación de lista definitiva aspirantes admitidos e excluídos en proceso selectivo
- 2 Nomeamento de Comisión de Selección para proceso selección de persoal
- 6 Concesión de gratificación por substitución temporal de posto de traballo de nivel superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 2 Designación Tesoureira en funcións
- 2 Designación Directora da Biblioteca en funcións
- 6 Designación Secretaria Xeral Accidental
- 1 Designación Responsable de Informática en funcións

- 1 Adscripción en comisión de servicios a un funcionario
 - 1 Aprobación gasto aportación ao plan de pensións mes de xuño
 - 1 Aprobación xornada de verán e calendario vacacións nos servizos obras, medio ambiente....
 - 1 Incorporación a posto de traballo de empregado despois de desfrute de permisos
 - 1 Abono complemento IT a un funcionario
 - 1 Resolución efectos económicos IT dun empregado
 - 1 Incorporación a posto de traballo de despois de baixa IT
 - 11 Nomeamento de funcionarios/as interinos/as
 - 1 Aplicar incremento retributivo do 1% a persoal municipal
 - 4 Bases xerais para a selección de persoal
 - 3 Orde representación e defensa intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial
 - 1 Aprobación de gasto taxa publicación anuncio no DOG
 - 1 Corrección prego cláusulas administrativas particulares
- TOTAL: 195

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

4. APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL CON ORDENACIÓN DETALLADA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VILAGARCIA DE AROUSA (R.U. Nº235) EN PARCELA INDUSTRIAL SITA NA RÚA OS MARTICES, S/N.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA AO PLENO

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL CON ORDENACIÓN DETALLADA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA (R.U N° 235) EN PARCELA INDUSTRIAL SITA NA RÚA OS MARTICES, S/N.

En data 29.09.2014 polo Pleno da Corporación Local acordouse aprobar inicialmente Modificación Puntual con ordenación detallada do PXOM na parcela industrial sita na Rúa os Marices, s/n (R.U 235)

Visto o informe xurídico de data 11.08.2017 no que se sinala:

5. TRAMITACIÓN e PROCEDIMENTO.

De conformidade co indicado no artigo 83.4º da Lei do Solo de Galicia a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos planes, suxeitaranse as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Debe indicarse que a modificación puntual que se informa se iniciou a súa tramitación e aprobou inicialmente baixo a vixencia da hoxe derogada Lei 9/2002, polo que será de aplicación a Disposición Transitoria Segunda da lei 2/2016 (na redacción dada pola Disposición final carta da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación) na que se sinala:

“Adaptación do planeamento.

1.- Os planes aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor da presente lei poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a tenor do disposto na Ley 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

2.- Os que, nesa mesma data, xa fosen aprobados inicialmente poderán adaptarse integramente a esta lei ou continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente a esta lei. A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas nesta lei non implicará, por si só, a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretenda introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da adaptación.

Polo tanto os trámites a seguir respecto a modificación puntual serían os indicados disposto no artigo 60 da Lei do Solo de Galicia ou no seu caso no artigo 85 da lei 9/2002, de 30 de decembro, e así consta no expediente administrativo:

- *Aprobación inicial polo Pleno da Corporación en Sesión celebrada en data 29.09.2014.*
- *Trámite de información pública durante o período de dous meses, sendo publicada no D.O.G nº 215, de data 10.11.2014. Consta, asimismo, publicación no Faro de Vigo de 14.10.2014 e na Voz de Galicia de data 14.10.2014.*
- *Solicitude de informes sectoriais, e así consta solicitado aos seguintes organismos:*
 - *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Estradas, en data 13.10.2014 (r.s.nº 11504), sendo emitido informe favorable en data 22.12.2014.*
 - *Consellería de Cultura, en data 13.10.2014 (r.s.nº 11519), sendo emitido informe favorable en data 19.12.2016, se ben previamente foi necesario realizar determinadas modificacións no documento de modificación puntual.*
 - *Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) en data 13.10.2014 (r.s.nº 11488), emitíndose informe en data 18.12.2013 ao que se remite en data 29.10.2014.*
 - *Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, pertencente ó Ministerio de Fomento, en data 13.10.2014, emitíndose informe en novembro de 2013 ao que se remite en outubro de 2014.*

Consta, asimesmo, no expediente de referencia Resolución da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental de data 10.04.2013, polo que se acorda non someter ao procedemento de avaliación estratéxica a modificación puntual.

Consta, informe previo á aprobación inicial da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 3.07.2013.

Asemade e durante ó trámite de información pública remitiuse aos Concellos colindantes, e así:

○ Concello de Vilanova de Arousa en data 13.10.2014 (r.s.nº 11494), sendo debidamente notificado en data 14.10.2014 segundo consta no expediente administrativo, sen que se indicara nada ao respecto.

○ Concello de Caldas de Reis en data 13.10.2014 (r.s.nº 11495), sendo debidamente notificado en data 14.10.2014 segundo consta no expediente administrativo, sen que se indicara nada ao respecto.

○ Concello de Catoira en data 13.10.2014 (r.s.nº 11496), sendo debidamente notificado en data 14.10.2014 segundo consta no expediente administrativo, remitindo en data 17.10.2014 informe do enxeñeiro técnico ao respecto da comunicación recibida. O citado informe sinala que non afecta aos intereses do Concello de Catoira polo que non procede realizar ningún reparo ao respecto.

A modificación puntual foi obxecto dun novo trámite de información pública a consecuencia das modificacións introducidas no documento por indicación da Consellería de Cultura no seu informe de data 27.11.2015, e así se procedeu a publicar:

• No D.O.G nº 84, de data 3.05.2017 e no xornal Faro de Vigo de data 27.04.2017, de conformidade co indicado no artigo 60.6º da Lei do Solo de Galicia.

ALEGACIÓNS PRESENTADAS.- Consta no expediente a existencia dunha única alegación presentada por D. Ramón Bueno Piñeiro, presentada no primeiro trámite de información pública. No segundo trámite non consta que se teñan presentado alegacións, e así consta no expediente certificado de data 31.07.2017.

Ao respecto da alegación presentada por D. Ramón Bueno Piñeiro existe informe do Arquitecto municipal de data 18.07.2016. Indica o Sr. Bueno Piñeiro, no seu escrito de alegacións, os seguintes motivos:

1. A propiedade está afectada polo paso dun río polo Leste de Norte a Sur e non se ten en conta.

Indica ao respecto o Arquitecto municipal que na cartografía do vixente PXOM non figura ningún río nin zona de protección ou servidume de salvamento que afecte a parcela.

2. Existencia de propiedade de ADIF que non se ten en conta para a segregación.

O informe emitido polo Arquitecto municipal sinala que o ámbito de actuación da Modificación Puntual proposta ten como límite polo seu linde Norte o peche existente entre as propiedades de CAPSA e de ADIF. Segundo se establece no informe emitido pola Administradora de Infraestructuras Ferroviarias, con data 18 de decembro de 2013, os terreos comprendidos entre o peche da vía férrea e os terreos actuais de CAPSA, cunha superficie aproximada de 1.884 m², son todos eles propiedade de ADIF. Destes, 1.278 m² foron expropiados á propia CAPSA no ano 2004, con motivo das obras do proxecto do Eixo Atlántico de Alta Velocidad Portas-Vilagarcía de Arousa, e outros 606 m² restantes xa eran anteriormente propiedade de ADIF, que foron obtidos tamén polo sistema de expropiación. En resumo, o único propietario afectado pola Modificación Puntual é CAPSA.

3. Debéñse aumentar ata 2.000 m² a afección de edificación cun diámetro de 200m. Sinala o técnico municipal que se trata dunha opinión do alegante, sinala, asimesmo, que as proteccións recollidas na Modificación Puntual son suficientes, e inclusive, en base ao Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aumentaron.

4. Desde a edificación principal ata a outra que sube ao Polígono de Trabanca non se pode segregar en parcelas. Sinala o Arquitecto municipal ao respecto que non alcanza a entender esta alegación, remitindo ao contido dos artigos 148 a 150 da Lei do Solo de Galicia en canto as segregacións.

5. Que se están facendo obras que non cumpren coa legalidade vixente. Polo Arquitecto municipal indícase que calquera construción que se estea a realizar debe cumprir coa lexislación vixente, que de momento é a que contempla o vixente Plan Xeral na súa ordenanza industrial.

6. O viario que cruza polo Oeste ten que ter un ancho de 13 metros. Analiza o técnico municipal as diferentes rúas existentes para entender a alegación, indicando ao respecto que as parcelas resultantes teñen fronte e acceso desde viarios públicos existentes, en concreto desde as rúas Primeiro de Maio (Oeste), a Rúa Cova (Este) e o viario autonómico PO-305 (Sur). Se o alegante se refire a Rúa Primeiro de Maio, esta ten un ancho de 14 metros e xa se recolle esta dimensión no documento.

Procéde DESESTIMAR as alegacións presentadas polo Sr. Bueno Piñeiro en base ao informe emitido polo Arquitecto municipal en data 18.07.2016.

TRAMITACIÓN SUBSIGUIENTE.- De conformidade co indicado no artigo 60.13 da Lei do Solo de Galicia e no artigo 144.13 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro “13. Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes. O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellería competente en materia de urbanismo.”

En base ao anterior, cabe indicar que o expediente se atopa completo, se realizaron as actuacións administrativas indicadas na Lei 9/2002, vixente ao momento da aprobación inicial e na Lei 2/2016, vixente na actualidade e que segundo se informa polo Arquitecto Municipal en informe de 3 de novembro de 2016 e de 1 de agosto de 2017 cumpre coa lexislación vixente, polo que de conformidade co sinalado no artigo 60 da Lei do Solo de Galicia **INFORMASE FAVORABLEMENTE** a aprobación provisional da modificación puntual, debendo procederse polo Pleno da Corporación Local a aprobar provisionalmente o documento, para que unha vez aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación municipal, se proceda a remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería competente en materia de urbanismo.

6.- CONVENIO URBANÍSTICO

Xunto coa modificación puntual, asinouse un borrador de convenio urbanístico, comprometéndose a tramitar e impulsar a modificación puntual coa máxima celeridade por considerar que existe un interese público na mesma, a cambio da obtención da cesión da vivencia, capilla e cruceiro e da superficie correspondente ás cesións para viais.

Polo que respecta o procedemento, o artigo 237.2 da Lei 9/2002 establecía que cando a negociación dún convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de planeamento co que garde directa relación, deberá incluírse o texto integro do convenio na documentación sometida á información pública propia de dito procedemento, substituindo esta á prevista no número anterior. Unha vez rematado o período de información pública, e a vista das alegacións, elaborárase o texto definitivo.

A vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia mantén a devandita previsión no seu artigo 168, polo que tendo sometido a trámite de información o borrador de convenio sen que conste que se teña presentado alegación ao respecto, procede a redacción de proposta de texto definitivo do convenio, da cal se dará vista a persoa ou persoas que tiveran negociado e suscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou renuncia.

O texto definitivo do convenio deberá ser ratificado por el órgano competente, debendo firmarse dentro de los quince días siguientes a la notificación de la aprobación del texto definitivo por persoa interesada. Transcorrido o devandito prazo sen que o convenio fora firmado quedara sen efecto.

Á vista dos antecedentes propónse ao Pleno como órgano competente con carácter indelegable en aplicación do artigo 22.1.c) da Lei 7/85, de bases de réxime local, non sendo preciso mais que maioría simple, a adopción do seguinte

A C O R D O:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual do PXOM con ordenación detallada do PXOM na parcela industrial sita na Rúa os Marices, s/n (R.U 235) e a suscripción de convenio urbanístico.

Segundo.- Continuar coa tramitación do expediente de conformidade co establecido ca Lei do Solo de Galicia, remitindo copia á Secretaría Xeral de Urbanismo coa finalidade de proceder, se o estima oportuno, á aprobación definitiva pola Consellería de Medio Ambiente devandita modificación puntual do PXOM.

En Vilagarcía de Arousa, a 24 de agosto de 2017.

O Alcalde- Presidente.

Alberto Varela Paz.

-Intervén o Sr. Alves preguntando pola alegación presentada por D. Ramón Bueno.

- A presidenta da Comisión contesta que dita alegación foi desestimada e que xa figura sinalada na proposta da Alcaldía.

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación puntual con ordenación detallada do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía de Arousa (R.U. nº235) en parcela industrial sita na rúa Os Martices s/n.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8) e PP (7), catro abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (1), BNG (2) e Somos Maioría (1), e un voto en contra, pertencente ao Concelleiro non adscrito

ACÓRDASE Por maioría:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual do PXOM con ordenación detallada do PXOM na parcela industrial sita na Rúa os Marices, s/n (R.U 235) e a suscripción de convenio urbanístico.

Segundo.- Continuar coa tramitación do expediente de conformidade co establecido ca Lei do Solo de Galicia, remitindo copia á Secretaria Xeral de Urbanismo coa finalidade de proceder, se o estima oportuno, á aprobación definitiva pola Consellería de Medio Ambiente devandita modificación puntual do PXOM.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

5. APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/CE/2017, ASÍ COMO DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO 02/CF/2017.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE DIVERSOS PRESTAMOS.

Mediante Providencia da Alcaldía de data 21 de agosto de 2017 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente **Nº 02/CF/2017** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo dos exercicios 2008, 2015 e 2016 e afectas a obras recollidas do expediente 01/CE/2017 por un importe global de **113.359,63 €**.
- Expediente **Nº02/CE/2017** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **135.000 €**, financiado con baixas de crédito.

Todos eles co fin de dar cobertura os seguintes proxectos de gasto:

APLICACIÓN	Nº OBRA*	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
453-61900	X/2017	ACCESIBILIDADE VÍAS PÚBLICAS	100.000	100.000	100.000
320-750	X/2017	APORTACIÓN MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN COMEDOR COLEXIO PIÑEIRIÑO	35.000	35.000	13.359,63
TOTAIS			135.000	135.000	113.359,63

A diferenza no importe entre a modificación de crédito e o cambio de finalidade reside en que a modificación de créditos non se financia totalmente coa baixa de créditos de proxectos, senon tamén que se utiliza baixa de créditos de aplicacións orzamentarias financiadas con recursos xerais.

O que se pretende con este expediente é utilizar o importe dispoñible nalgúns proxectos dotados no expediente 01/CE/2017 e que foron executados con outra financiación e/ou non se poden executar na actualidade, así como a utilización de crédito sobranse nalgunha aplicación presupostaria financiada con recursos xerais, para destinalos a proxectos de gasto que se consideran indispensables, ben porqué se corresponden coas necesidades postas de manifesto polos diferentes servizos municipais, ben porqué responden a necesidades de investimento que este equipo de goberno considera esenciais para responder ás demandas veciñais.

Se trata de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria á maior brevidade posible por estar relacionados con tanto con servizos básicos, para os que non é posible dotar inicialmente crédito no orzamento 2017. Con estes gastos se pretende seguir na liña de mellora na accesibilidade nas infraestruturas destinadas ao uso xeral, así como a aportación municipal para a construción do comedor no colexio Piñeiríño, todo elo co fin de responder ás diversas demandas veciñais así como executar actuacións que o propio equipo de goberno ten dentro dos seus obxectivos.

As limitacións ao nivel de débeda financeira impostas polo Plano de Axuste co que conta o Concello de Vilagarcía impiden acudir a un préstamo por maior importe do recollido no proxecto de Orzamento para o exercicio 2017, e tampouco é posible acometer na súa totalidade as actuacións pretendidas con este expediente con cargo a recursos propios sen menoscabar con elo a prestación dos servizos básicos, polo que esta alcaldía facendo uso dos sobrantes de financiamento existente en proxectos financiados con operacións de préstamo a longo prazo, e que non van a continuarse ou a iniciarse, a través da figura da modificación orzamentaria dotará do crédito preciso para os novos proxectos expostos, así como a utilización de recursos propios polo importe de 21.640,37 € procedentes da partida 920-22799, dotada inicialmente para traballos a realizar por outras empresa e profesionais e que na actualidade pode dispoñerse sen que se vexa afectado o servizo. Todos estes recursos constitúen medios que poden financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, segundo o seguinte detalle:

Recursos a utilizar para financiar o expediente de Crédito Extraordinario

APLICACIÓN	Nº OBRA*	Denominación	IMPORTE DISPOÑIBLE	IMPORTE BAIXA DE CREDITO	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
231-62200	39/2017	ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	53.359,63	53.359,63	53.359,63
170-63200	40/2017	ACONDIC. PUNTO LIMPO PINAR DO REY	60.000,00	60.000,00	60.000,00
920-22799		ADMINIST. XERAL- OUTROS TRABALLOS EMPRESAS E PROFESIONAIS	78.512,04	21.640,37	0,00
TOTAIS				135.000,00	113.359,63

Debese ter en conta que o proxecto de Acondicionamento do Punto Limpo Pinar do Rei foi realizado mediante a obra 040/2016 financiada cunha subvención da Deputación, que nun principio considerouse que era insuficiente pero finalmente non é necesario mais crédito, por outro lado a obra Accesibilidade en Instalacións Municipais preténdese realizar mediante

solicitude de subvención da Deputación Plan Concellos 2017. En consecuencia existen sobrantes nestas dúas obras aprobadas mediante crédito extraordinario (01/CE/2017) no pleno celebrado o 2 de marzo de 2017 polos importes indicados no cadro anterior.

No informe de Intervención adxunto ó expediente (**Ref. CV- 201/2017**), ponse de manifesto que existen excesos de financiamento nos proxectos e nas aplicacións presupostarias por importe de 135.000 €.

Esta Alcaldía, co obxecto de atender aos compromisos anteriormente descritos propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **02/CF/2017** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 113.359,63 €, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención CV 201/2017 do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **02/CE/2017** de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 135.000 €, para atender os gastos derivados dos seguintes Proxectos:

APLICACIÓN	Nº OBRA*	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
453-61900	X/2017	ACCESIBILIDADE VÍAS PÚBLICAS	100.000	100.000	100.000
320-750	X/2017	APORTACIÓN MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN COMEDOR COLEXIO PIÑEIRIÑO	35.000	35.000	13.359,63
TOTAIS			135.000	135.000	113.359,63

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes aos proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, ós que se cambia a finalidade do financiamento afectado procedente de diversos préstamo concertados pola Entidade nos exercicios 2008, 2015 e 2016, así como baixas de créditos de aplicacións presupostarias financiadas con recursos xerais, producíndose baixas polos importes e nas aplicacións indicadas no informe de Intervención CV 201/2017.

TERCEIRO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestimo expreso para os proxectos e na aplicación presupostaria afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas.

CUARTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº OBRA	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
453-61900	X/2017	2017	ACCESIBILIDADE VÍAS PÚBLICAS	100.000	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	PRÉSTAMO BBVA 2015	40.000,00	87010
						PRÉSTAMO BBVA 2015	22.697,23	87010
						PRÉSTAMO BBVA 2015	1.671,28	87010
					OBRAS ACOND. PUNTO LIMPIO PINAR DO REY	VARIOS PROYECTOS CERRADOS	3.844,80	87010
						Préstamo Bco. Sabadell 2016	6.889,71	91300
						Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.292,09	91300

						Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.004,81	91300
						Préstamo Bco. Sabadell 2016	609,17	91300
						Préstamo Bco. Sabadell 2016	15.000,00	91300
						Préstamo Bco. Sabadell 2016	144,40	91300
						Préstamo Bco. Sabadell 2016	3.000,00	91300
						Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.846,51	91300
							100.000,00	
320-750	X/2017	2017	APORTACIÓN MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN COMEDOR COLEXIO PIÑEIRIÑO	35.000,00	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	PRÉSTAMO BBVA 2015	13.359,63	87010
					RECURSOS XERAIS		21.640,37	
							35.000,00	
				135.000,00			135.000,00	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: **Nº02/CF/2017** de modificación de finalidades dos préstamo afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente **Nº02/CE/2017** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coas seguintes modificacións orzamentarias, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2017, de forma que *transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións*, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 21 de agosto de 2017

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

-Intervén a Sra. Castro Vidal sinalando que na memoria non se explica suficientemente a que vías públicas se refire o cambio de finalidade por importe de 100.000,00€,

Contestáselle que existe un proxecto que está en confección e que básicamente comprenderá actuacións arredor da Xunqueira e Alejandro Cerecedo.

-Intervén o Sr. López sinalando que na memoria existe un párrafo que di "...como executar actuacións que o propio equipo de goberno ten dentro dos seus obxectivos" e quere saber se e que efectivamente hai outras actuacións que non están especificadas ou se trata dunha frase xenérica.

Contestáselle que non se refire a nada en concreto, que e unha frase xenérica que quedou así doutros expedientes.

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario 02/CE/2017, así como de cambio de finalidade de financiamento afectado 02/CF/2017.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2), EU (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **02/CF/2017** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 113.359,63 €, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención CV 201/2017 do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **02/CE/2017** de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 135.000 €, para atender os gastos derivados dos seguintes Proxectos:

APLICACIÓN	Nº OBRA*	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
453-61900	X/2017	ACCESIBILIDADE VÍAS PÚBLICAS	100.000	100.000	100.000
320-750	X/2017	APORTACIÓN MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN COMEDOR COLEXIO PIÑEIRIÑO	35.000	35.000	13.359,63
TOTAIS			135.000	135.000	113.359,63

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes aos proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, ós que se cambia a finalidade do financiamento afectado procedente de diversos préstamo concertados pola Entidade nos exercicios 2008, 2015 e 2016, así como baixas de créditos de aplicacións presupostarias financiadas con recursos xerais, producíndose baixas polos importes e nas aplicacións indicadas no informe de Intervención CV 201/2017.

TERCEIRO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestimento expreso para os proxectos e na aplicación presupostaria afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas.

CUARTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº OBRA	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE MODIFICA SE	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
453-61900	X/2017	2017	ACCESIBILIDADE VIAS PUBLICAS	100.000	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	PRÉSTAMO BBVA 2015	40.000,00	87010
					OBRAS ACOND. PUNTO LIMPIO PINAR DO REY	PRÉSTAMO BBVA 2015	22.697,23	87010
						PRÉSTAMO BBVA 2015	1.671,28	87010

				VARIOS PROYECTOS CERRADOS	3.844,80	87010		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	6.889,71	91300		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.292,09	91300		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.004,81	91300		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	609,17	91300		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	15.000,00	91300		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	144,40	91300		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	3.000,00	91300		
				Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.846,51	91300		
					100.000,00			
320-750	X/2017	2017	APORTACIÓN MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN COMEDOR COLEXIO PIÑEIRIÑO	35.000,00	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	PRÉSTAMO BBVA 2015	13.359,63	87010
					RECURSOS XERAIS		21.640,37	
							35.000,00	
				135.000,00			135.000,00	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: **Nº02/CF/2017** de modificación de finalidades dos préstamo afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente **Nº02/CE/2017** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coas seguintes modificacións orzamentarias, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2017, de forma que *transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións*, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCION PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, BNG, EU, SOMOS MAIORIA, E MIGUEL ALVES LAGO CONCELLIERO NON

ADSCRITO PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE REFORMA DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, EU, SOMOS MAIORIA e o Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago, coa data de 18 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Tania García Sanmartín, do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Xavier Ríos González, do Grupo municipal do BNG, Jesús López Rodríguez, do Grupo municipal de EU, Gaspar González Somoza, do Grupo municipal de Somos Maioría e Miguel Alves Lago, concelleiro non adscrito, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presentan á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia.

A intención por parte do Goberno de Galicia de iniciar este proceso de reforma da Lei de saúde de Galicia de forma escurantista en pleno mes de agosto, con moito persoal de vacacións e sen diálogo previo na Mesa sectorial nin cos colectivos sociais, e cun prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días en pleno período de vacacións

Esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, porque pretende o desmantelamento e a consolidación da privatización do Sistema Sanitario Público Galego.

Desmantela as áreas sanitarias, para baleirar de contido os hospitais comarcais, coa finalidade de concentrar os servizos sanitarios nos grandes hospitais. Esta medida supón unha barreira para o acceso da cidadanía á atención hospitalaria. Mantén as estruturas de Xestión Integrada nas áreas sanitarias (EOXIS), responsables do deterioro e marxinação da Atención Primaria, absorbida polas xerencias hospitalarias. Reduce a posibilidade de participación social na planificación, control e avaliación da actividade do sistema sanitario e dos centros asistenciais e favorece a laborización e precarización do persoal sanitario, así coma o enchufismo na adxudicación de prazas.

A Lei Galega de saúde en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase “tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación”, no anteproxecto establece que se fará “ tendo en conta os recursos sanitarios existentes”. Esta modificación non prioriza as necesidades sanitarias da poboación, senón que será en función dos recursos que o Goberno decida destinar á Sanidade pública.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista somete a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- Retirada do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia
- Mantemento da Área Sanitaria do Salnés para favorecer a resolución dos problemas da cidadanía e dos traballadores/as sen ter que desprazarse aos grandes hospitais sen marxinar a Atención Primaria.
- Nomeamento dunha Xerencia na Área Sanitaria do Salnés con capacidade de xestión directa e que sexa capaz de dotar ao Hospital do Salnés e á súa Atención Primaria de persoal, recursos materiais e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada que se corresponda coas necesidades reais desta Comarca do Salnés.

2. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de agosto de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de PSdeG-PSOE, BNG, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción conxunta presentada polos grupos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, EU, SOMOS MAIORIA e o Concelleiro non adscrito D. Miguel Alves Lago para a retirada do anteproxecto de reforma da Lei de Saúde de Galicia.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), EU (1), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra, dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polos grupos municipais PSdeG-PEOS, BNE, EU, SOMOS MAIORÍA E D. MIGUEL ALVES LAGO, Concelleiro non adscrito, e:

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- Retirada do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia
- Mantemento da Área Sanitaria do Salnés para favorecer a resolución dos problemas da cidadanía e dos traballadores/as sen ter que desprazarse aos grandes hospitais sen marxinar a Atención Primaria.
- Nomeamento dunha Xerencia na Área Sanitaria do Salnés con capacidade de xestión directa e que sexa capaz de dotar ao Hospital do Salnés e á súa Atención Primaria de persoal, recursos materiais e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada que se corresponda coas necesidades reais desta Comarca do Salnés.

2. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Realízase o debate conxunto dos puntos 6 e 7 da orde do día.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20170831&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA O MANTEMENTO DA ÁREA SANITARIA DO SALNÉS. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG, coa data de 8 de agosto de 2017, do seguinte teor:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal presenta a seguinte Moción, para o seu debate e aprobación en Pleno na demanda da **retirada do Anteproxecto de lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10**

de xullo, de Galicia, do mantemento da Área Sanitaria do Salnés, da posta en valor do Hospital do Salnés e da Atención Primaria, e da constitución do Consello de Saúde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Sanidade ven de presentar o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia. Presentación feita con nocturnidade e aleivosía, proba dilo é telo feito en pleno mes de agosto con moitos profesionais de vacacións, sen diálogo previo nin na mesa sectorial, nin cos colectivos sociais, con un prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días, en pleno período vacacional.

Esta modificación vai provocar máis deterioro na sanidade pública, consolida a liña de recortes, prioriza o criterio económico en detrimento das necesidades dos usuarios e usuarias e afecta negativamente á calidade asistencial.

A Lei Galega de Sanidade en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase “tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación”, no anteproxecto establece que se fará “tendo en conta os recursos sanitarios existentes”. Esta modificación é inaceptábel, xa que non prioriza as necesidades sanitarias d@s galeg@s, senón que será en función dos recursos que o Partido Popular decida destinar á sanidade pública, que como é unha evidencia, non deixou de recortar desde que volveu ao Goberno da Xunta.

Suprímense as actuais áreas sanitarias para crear unhas áreas maiores na súa extensión territorial, afastando deste xeito a resolución dos problemas da cidadanía e d@s traballadoras/es. Estas sete áreas son coincidentes coas EOXIS que o Goberno do PP creou no ano 2010, cando iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes. Naquela altura, as mobilizacións e a forte oposición da cidadanía e profesionais, conseguiu que o primeiro intento de desmantelamento non fora tan lonxe como pretendían, aínda que coa posta en marcha das estruturas organizativas de xestión integrada conseguiron unha boa parte dos seus obxectivos, e a sanidade nas áreas con Hospitais comarcais como O Barco, Monforte, Burela ou O Salnés quedou seriamente comprometida e a perda das xerencias nos hospitais comarcais significou a perda de capacidade organizativa e resolutive.

A creación das EOXIs condicionou tamén de xeito negativo o desenvolvemento da Atención Primaria. Desapareceron as xerencias e perdeu autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos, quedando funcionalmente subordinada ás estratexias de xestión do centro hospitalario de referencia. A Atención Primaria precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos, e acadar un correcto funcionamento da súa carteira de servizos, actualmente subdesenvolvida.

Coa modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os Hospitais Comarcais e Atención Primaria pasan a ser meros apéndice dos grandes hospitais, con unha máis que evidente perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección. Os grandes hospitais absorberán a maior parte dos recursos sanitarios.

Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito alarmante, quedan totalmente amordazados. A composición tanto do Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinárase por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O Partido Popular pretende levar a cabo esta modificación da Lei de Sanidade de Galiza, sen ter levado a cabo ningunha avaliación de cales foron as consecuencias para a sanidade pública galega da creación das EOXIS.

O BNG manifesta a súa oposición a esta modificación, que significa confirmar o afastamento dun modelo sanitario de calidade, cercano á poboación, comunitario, participativo e orientado á prevención, e consideramos que hai que ir xusto na dirección contraria,

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa, a adopción do seguinte

ACORDO

Demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1.- Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia.

2.- a) Mantemento da Área Sanitaria do Salnés para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da nosa comarca, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para @s usuari@s.

b): Descentralizar as tomas de decisión e respectar as competencias e a autonomía da Área Sanitaria.

c): Desenvolvendo unha xerencia, próxima, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.

d): Posta en valor dos Hospital do Salnés, dotándoo do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.

3.- a): Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego.

b): Dotala cos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.

c): Devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencia directa.

4.- Proceder á constitución e convocatoria inmediata do Consello de Saúde da Área Sanitaria do Salnés.

Vilagarcía de Arousa, 8 de agosto de 2017

-Intervén o Sr. López sinalando que na reunión coa Xunta de Persoal se chegara ao acordo de retirar as outras mocións.

- O Sr. Ríos, di que é certo, pero eles manteñen igualmente que á presentada.

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de, BNG informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE PP, EU e Somos Maioría din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo BNG para o mantemento da Area Sanitaria do Salnés.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2), tres abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría, aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e **Demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:**

1.- Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia.

2.- a) Mantemento da Área Sanitaria do Salnés para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da nosa comarca, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para @s usuari@s.

b): Descentralizar as tomas de decisión e respectar as competencias e a autonomía da Área Sanitaria.

c): Desenvolvendo unha xerencia, próxima, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.

d): Posta en valor dos Hospital do Salnés, dotándoo do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.

3.- a): Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego.

b): Dotala cos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.

c): Devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencia directa.

4.- Proceder á constitución e convocatoria inmediata do Consello de Saúde da Área Sanitaria do Salnés.

Realizase o debate conxunto dos puntos 6 e 7 da orde do día.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201700831&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓ PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE APOIO AO CONCELLO DE CAMBADOS PARA ALBERGAR A SEDE DO CONSELLO REGULADOR DO ALBARIÑO. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 9 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende tempo inmemorial o nome de Cambados e do Salnés vai asociado ao viño Albariño. Xa a principios do século pasado a prensa comarcal recollía as demandas dos viticultores e adegueiros de Cambados e do Salnés dunha maior atención ao Albariño, conscientes do seu enorme potencial.

Dende hai sesenta e cinco anos Cambados celebra o principal acontecemento de promoción deste viño: a Festa do Albariño. Sen o esforzo e o traballo de todos os que teñen participado na súa organización, non sería posible falar do que representa o sector do Albariño na actualidade.

Hoxe, arredor do 75 % dos viticultores da Denominación de Orixe “Rías Baixas” son veciños do Salnés e máis do 65 % do viño prodúcese na nosa comarca.

Neste ano 2107, Cambados é a Cidade Europea do Viño. Un recoñecemento internacional concedido pola Rede Europea de Cidades do Viño. Sendo o primeiro municipio galego en acadar tal galardón.

Por todas estas razóns, Cambados merece ser a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe “Rías Baixas”.

Sen embargo, en outubro de 2003, acordouse levar a sede do Consello Regulador a Pontevedra, a pesar de non estar incluída esta cidade na Denominación de Orixe “Rías Baixas”, o que constitúe un feito insólito nas máis de 70 Denominacións de Orixe existentes.

Debido a esta decisión, agora son outros os que se están a beneficiar do traballo realizado durante moitas décadas polas xentes de Cambados e O Salnés, perdendo esta vila e a nosa comarca unha oportunidade única de promoción exterior.

Ademais de reparar unha inxustiza histórica, a localización da sede do Consello Regulador en Cambados constituiría un extraordinario impulso económico para o tecido comercial e industrial cambadés e salniense que redundaría na xeración de riqueza e na tan necesaria creación de emprego.

Xa que logo, por historia e por xustiza, a sede do Consello Regulador “Rías Baixas” debe estar en Cambados.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Apoiar ao Concello de Cambados na súa demanda de situar no seu municipio a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe “Rías Baixas”.

Vilagarcía de Arousa, 09 de agosto de 2017

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de PSdeG-PSOE, e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PP, BNG, EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de PSdeG-PSOE de apoio ao Concello de Cambados para albergar a Sede do Consello Regulador do Albariño.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), PP (7), EU (1), BNG (2) e Somos Maioría (1), e unha abstención do Concelleiro non adscrito.

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e apoiar ao Concello de Cambados na súa demanda de situar no seu municipio a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe “Rías Baixas”.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201700831&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA DE APOIO ÁS REINVIDICIÓN DOS PARQUES DE BOMBEIROS DO SALNÉS. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupo municipal de EU, coa data de 18 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN, DE APOIO AS REIVINDICACIÓN DOS PARQUES DE BOMBEIROS DO SALNES.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo vémonos obrigados a defender un Servizo Público posto en mans de empresarios sen escrúpulos, debido a que as Administracións, neste caso da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia, non queren asumir as obrigacións que existen ca sociedade, neste caso falamos da protección ante Emerxencias, pero é o mesmo ca sanidade, ca asistencia a domicilio etc, etc.

Asistimos a unha longa protesta deste corpo de Emerxencias dos Bombeiros, debido a incumprimentos da empresa Concesionaria, cos profesionais deste Corpo de Emerxencias, e isto de por si debería valer para que o servizo fose recuperado dende a Administración.

Pero non, ao parecer unha vez privatizada a Xestión do Servizo, os Empresarios teñen algo así como “*patente de Corso*” para facer e desfacer sen que teñan ningún tipo de consecuencia. Neste caso, coma en todos, a desfeita cae do lado dos traballadores do Servizo, que se ven obrigados pola súa profesionalidade, a acudir as Emerxencias con equipos de traballos con

menos efectivos dos mínimos recomendados. Porque a empresa decide aforrar no seu propio beneficio, na contratación de persoal que cubra as baixas de longa duración que existen neste corpo, deixando en precario o arriscado traballo destes profesionais.

Se iso non fose suficiente, reciben como “premio” o desconto nos seus salarios, resultado da aplicación do IPC negativo, feito que foi condenado como ilegal por sentenza xudicial, e aínda así Martinsa negase a admitir e aboar os salarios de forma correcta.

Resumamos a ecuación que a empresa aplica para a prestación deste servizo de Emerxencias: Menos persoal en cada equipo de traballo equivale a precariedade do servizo e máis riscos para os profesionais, e desconto salarial, da como resultado unha folga que intentan facer ineficaz obrigando aos traballadores a realizar como servizos mínimos o 100% dun servizo normal, co cal ademais de cobrar menos e arriscar máis non se lles deixa protestar. De verdade a “clase” política deste país consinte que estas empresas precaricen o servizo e parece que non van facer nada para evitalo.

E hora de que cando unha empresa incumpre cos seus traballadores, tanto en condicións de seguridade, como salariais, a Administración interveña de forma contundente para facer cumprir a norma. E de manterse o incumprimento por parte da empresa, retirar a concesión e recuperar o Servizo para garantir a efectividade do mesmo. De non ser así carece de sentido que ese políticos consentidores se consideren “representantes públicos” pois e precisamente esa representación onde están a facer deixadez de funcións e polo tanto cómplices dos resultados da precarización das condicións de traballo dos parques de bombeiros, e por ende, se nunha intervención sucede unha traxedia a algún profesional, ou non se atalla a tempo a emerxencia debido a falla de efectivos.

Non e tolerable que nin a Deputación de Pontevedra nin a Xunta de Galicia fagan deixadez das súas responsabilidades, eles son os debedores de seguridade, e faise necesario que se defendan e xestionen uns servizos públicos de Emerxencia eficaces, pola conta que nos ten a todos e todas.

Por elo, e o momento de presionar, xunto co persoal dos parques de bombeiros do Salnés, para que como representantes que somos da cidadanía de Vilagarcía, esixamos un servizo eficaz e con garantías de seguridade para os profesionais, que se respeten as súas condicións de traballo, as salariais (que deberían estar mellor valoradas e remuneradas) e que polo menos non se desconte o IPC tal e como di a sentenza do TSX de Galicia, que é preceptivo cumprir.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Político de EU no Concello de Vilagarcía propón ao Pleno os seguintes, **ACORDOS:**

1º.- Apoiar a mobilización dos bombeiros dos Parques do Salnés.

2º.- Trasladar a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia a esixencia de que obligue a empresa concesionaria “Martinsa” a:

a) Esixir o cumprimento da sentenza do TSX de Galicia que reconece o dereito dos traballadores a non verse prexudicados pola aplicación do IPC negativo que a empresa aplicou previamente.

b) Cumprimento do disposto na Disposición adicional 3ª da Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia no relativo á homoxenización das condicións laborais dos traballadores e traballadoras adicados ao sector de Emerxencias.

c) A aplicación do coeficiente reductor correspondente a idade de xubilación dos bombeiros recollido no RD 383/2008.

d) Que se cubran as baixas de longa duración con persoal da bolsa de emprego, non facelo está a reducir o número de efectivos en moitas quendas de traballo, o que está obrigando a traballar en condicións inseguras para os traballadores e traballadoras.

e) Que se cumpran as obrigacións contractuais da empresa en relación a prestación efectiva do servizo, que redunda enormemente nas condicións de traballo dos bombeiros.

3º.- De non cumprir a Empresa Concesionaria as condicións contempladas nos pregos da concesión e na lexislación vixente e sentencias contrarias aos feitos consumados, o Consorcio entre Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra, iniciará o procedemento para rescindir o contrato ca concesionaria e recuperar o Servizo de Emerxencias para a xestión Directa dende as Institucións Públicas.

En Vilagarcía de Arousa a 21 de agosto do 2017
Asdo.
Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, PP,e BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo municipal de EU de apoio ás reivindicación dos Parques de Bombeiros do Salnés.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal de EU e:

1º.- Apoiar a mobilización dos bombeiros dos Parques do Salnés.

2º.- Trasladar a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia a esixencia de que obrigue a empresa concesionaria “Martinsa” a:

a) Esixir o cumprimento da sentenza do TSX de Galicia que reconece o dereito dos traballadores a non verse prexudicados pola aplicación do IPC negativo que a empresa aplicou previamente.

b) Cumprimento do disposto na Disposición adicional 3ª da Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia no relativo á homoxenización das condicións laborais dos traballadores e traballadoras adicados ao sector de Emerxencias.

c) A aplicación do coeficiente reductor correspondente a idade de xubilación dos bombeiros recollido no RD 383/2008.

d) Que se cubran as baixas de longa duración con persoal da bolsa de emprego, non facelo está a reducir o número de efectivos en moitas quendas de traballo, o que está obrigando a traballar en condicións inseguras para os traballadores e traballadoras.

e) Que se cumpran as obrigacións contractuais da empresa en relación a prestación efectiva do servizo, que redunde enormemente nas condicións de traballo dos bombeiros.

3º.- De non cumprir a Empresa Concesionaria as condicións contempladas nos pregos da concesión e na lexislación vixente e sentencias contrarias aos feitos consumados, o Consorcio entre Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra, iniciará o procedemento para rescindir o contrato ca concesionaria e recuperar o Servizo de Emerxencias para a xestión Directa dende as Institucións Públicas.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201700831&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DE ESQUEDA UNIDA E SOMOS MAIORIA PARA A INCORPORACIÓN DO PAZO DE MEIRÁS AO PATRIMONIO PÚBLICO E A SALVAGARDA DA MEMORIA HISTÓRICA. : Dáse conta do ditame emitido pola , en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de EU e SOMOS MAIORIA, coa data de 25 de agosto de 2017, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de agosto de 2017, a seguinte moción de urxencia:

MOCIÓN PARA A INCORPORACIÓN DO PAZO DE MEIRÁS AO PATRIMONIO PÚBLICO E A SALVAGARDA DA MEMORIA HISTÓRICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión das visitas ao Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural (BIC), ao cargo Fundación Nacional Francisco Franco, que de acordo cos seus propios estatutos ten como obxectivo difundir o legado do ditador, é unha vergonza nun estado democrático e unha ofensa ás vítimas da represión. Hai pouco, en varios comunicados, a entidade reafirmaba o seu compromiso, non coa Memoria, senón co ensalzamento da Ditadura e o seu Caudillo, ademais de negar a represión e humillar as súas vítimas

http://www.fnff.es/Comunicado_El_Pazo_de_Meiras_3667_c.htm

http://www.fnff.es/Comunicado_La_petition_de_ilegalizacion_de_la_FNFF_3677_c.htm

Esta clase de fundacións e de pronunciamentos serían impensables noutras latitudes, onde estarían prohibidos por seren xestos de exaltación dun golpe de estado e corenta anos de ditadura militar que deixaron miles de vítimas inocentes.

Existe constancia do incumprimento reiterado do réxime de visitas que legalmente se estableceu, recollido na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural, de cando menos catro días ao mes, e da atención telefónica debida, que se fai mediante un número que estivo desconectado durante meses. Por tales feitos, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, abriu un expediente á familia do ditador, “propietaria” do pazo, con apercibimento de sanción, pola comisión dunha infracción administrativa en materia de Patrimonio Cultural, que será como máximo de 6.000 euros.

A Xunta de Galicia non pode tolerar pasivamente que a fundación se faga cargo da xestión do réxime de visitas a ese Ben de Interese Cultural. Moito menos cando lle consta, en varias ocasións e por escrito, a disposición formal do Concello de Sada de asumir estas funcións.

A razón democrática esixe que as vítimas obteñan memoria, xustiza, respecto, recoñecemento e reparación. Reparación que non terá lugar mentres non se poña fin ao espolio que significou a adquisición por medio da ameaza, a extorsión e a presión da propiedade do Pazo de Meirás polo Ditador, propiedade que seguen a detentar os seus descendentes directos.

A propiedade e o uso do pazo por parte da familia Franco supón detentación, por título ilexítimo da súa causa e orixe, en canto resultado dun proceso de adquisición forzada e coactiva, fraudulentamente disfrazado en forma de doazón e compra-venda, tal e como acreditan probas documentais e estudos de investigadores e historiadores. Esta detentación polos herdeiros de Franco supón unha ofensa para a cidadanía, e supón un vestixio máis dos privilexios obtidos polo abuso da forza do réxime do terror.

Cómpre reparar a honra e a dignidade das persoas ás que se lles roubou e que foron forzadas a ceder diñeiro e propiedades baixo risco de represalias por parte dunhas autoridades que non dubidaban en utilizar a violencia máis extrema.

A modificación da Lei 52/2007, da Memoria Histórica, e da lexislación estatal de fundacións, debe ter como obxectivo común tanto un maior recoñecemento das vítimas da represión e a reparación e reversión compensadora dos efectos, no primeiro caso, como o impedimento legal para que entidades como a Fundación Francisco Franco poidan impunemente e mesmo ao abeiro da legalidade democrática divulgar, loar e difundir o terror franquista, no segundo.

O obxectivo desa modificación lexislativa necesariamente debe contemplar as determinacións legais oportunas para que o Pazo de Meirás se incorpore ao patrimonio público, para a súa posta en valor asociada á Memoria Histórica, tal e como expresamente se prevé no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Sada, pendente de aprobación definitiva.

A cidadanía véñse mobilizando para acadar, por fin, a reparación, a dignificación e a democratización da Memoria, e neses obxectivos deberían atopar, unidos, a todos os grupos que forman parte desta Corporación Municipal.

O pasado Pleno da Corporación Municipal de Sada, de 12 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“1.- Apoio expreso do Pleno da Concello de Sada para, apoiando as solicitudes formuladas pola Alcaldía de Sada o pasado 31 de xullo e a do Concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de xullo de 2015, instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións tendentes a evitar e, no seu caso, non autorizar, que sexa a Fundación Nacional Francisco Franco quen xestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.

3.- Instar a Xunta de Galicia a que esixa aos propietarios que detentan o inmovible que cumpran co réxime de visitas ao BIC disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista en dita Lei para ditas infraccións.

4.- Demandar da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas aquelas actuacións encamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.

5.- Formalizar declaración institucional de condena expresa ante os comunicados emitidos pola Fundación Nacional Francisco Franco así como de apoio á memoria das vítimas do franquismo.

6.- Instar ás Cortes do Estado, Grupos Parlamentarios e do goberno do Estado ás iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que como a Fundación Nacional Francisco Franco teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

7.- O Pleno da Corporación asume e comparte os acordos adoptados na sé da Deputación Provincial da Coruña en reunión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2017, e que son os seguintes :

1.- Rexeitar a xestión por parte da Fundación Nacional Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás, apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione, e condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.

2.- Instar a modificación da Lei de Fundacións con obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.

3.- Realizar un estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público.

4.- Reclamar a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria historia.

5.-Constituír con carácter inmediato unha Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin á posesión da propiedade pola familia Franco e a súa incorporación ao Patrimonio público. As institucións e entidades participantes, Deputación da Coruña, concellos da Coruña e Sada, Universidade da Coruña, IGM e CRMHC amosaron a súa intención de, previos os trámites preceptivos, se incorporar desde o inicio a dita Xunta.

8.- O Concello de Sada adhírese así mesmo a calquera outra iniciativa da sociedade civil tendente á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

9.- O Concello de Sada acorda expresar a vontade corporativa contraria ao proceder da familia Franco, herdeira do ditador, e en relación coas obrigas derivadas da propiedade que detenta do BIC-Pazo de Meirás. E aos efectos de tal referencia e intereses municipais, e como expresión simbólica de rexeitamento de tal proceder, declárala "non grata".

10.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes do Estado, Deputación provincial e Grupos provinciais, así como ao goberno do Estado.”

Neste acordo, que expresa a vontade de trasladalo ao Parlamento de Galicia, reúnen obxectivos polos que levan loitado durante anos organizacións sociais e políticas e a cidadanía activa.

Creemos que esta Corporación debe dar un apoio unánime a dito acordo e instar á Xunta e aos poderes do Estado a impulsar aquelas medidas concretas que nel se recollen como un compromiso por profundar na democracia e coa memoria histórica democrática.

Por todo o exposto, os Grupos Municipais de Esquerda Unida-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) propóñenlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguintes

ACORDOS:

- 1.- Manifestar publicamente e por escrito a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto.
- 2.- Apoiar, participar e impulsar, dentro das competencias que lle corresponden ao Concello de Vilagarcía de Arousa, as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia, así como aos poderes do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo referenciado no apartado 1 dentro do seu réxime competencial establecido.
- 4.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación Provincial, así como ao Goberno do Estado.

En Vilagarcía de Arousa, a 25 de agosto de 2017

Asdo.: Jesús López Rodríguez Gaspar Antonio González Somoza
EU-Son Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, PP e BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría para a incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio Público e salvagarda da memoria histórica.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2), EU (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría e:

- 1.- Manifestar publicamente e por escrito a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto.
- 2.- Apoiar, participar e impulsar, dentro das competencias que lle corresponden ao Concello de Vilagarcía de Arousa, as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia, así como aos poderes do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo referenciado no apartado 1 dentro do seu réxime competencial establecido.
- 4.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación Provincial, así como ao Goberno do Estado.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201700831&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

11. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

12. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

13. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201700831&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

14. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder ás intervencións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201700831&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:16 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.